



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

**Asunto: Informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda con motivo da liquidación orzamentaria do exercicio 2015**

Con motivo da tramitación do expediente para a aprobación da liquidación do Orzamento Xeral do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos correspondente ao exercicio 2015, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria y Sostibilidade Financeira, e no artigo 16.4 e) da Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na LOEOSF, en relación co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda, emite o seguinte

**Informe:**

**Primero.- Normativa de aplicación.**

• **Normativa comunitaria.**

- Regulamento (CE) nº 2516/2000 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de novembro de 2000 que modifica os principios comúns do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade (SEC 95) no que se refire aos impostos e as cotizacións sociais e polo que se modifica o Regulamento (CE) non 2223/96 do Consello.
- Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello, do 25 de xuño de 1996, relativo ao Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade.
- Regulamento (CE) nº 479/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, relativo á aplicación do Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo.
- Directiva 2011/7/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de febreiro de 2011 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio (DOCE. 26-06-2013), que aproba o SEC 2010.

• **Normativa nacional.**

- Artigo 135 da Constitución Española.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEP).
- Lei orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL).



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/02/2016 14:49

Páxina 1 de 13

Expediente 4/143

Código de verificación: 2BEB3-C843B-5CACE-48C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



- Real decreto lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.
- Lei 17/2012, de 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.
- Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (RDLEP).
- Orde ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF (OM), modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.

- **Manuales ou guías de aplicación elaboradas polo MINHAP / IGAE:**

- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IGAE.
- Guía publicada pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais, para o recheo da Aplicación do Cálculo do Período Medio de Pago.
- Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.

**Segundo.- Instrumentación do obxectivo de estabilidade orzamentaria.**

O artigo 165 do TRLRHL establece que o orzamento xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e así, o artigo 11.4 LOEP establece que as Corporacións Locais deberán manter unha **posición de equilibrio ou superávit orzamentario**.

Pola súa banda, o art. 4.1 do RDLEP dispón as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas, que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus **orzamentos consolidados** axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

A estes efectos, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigo 15 RDLEP).

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 27 de xuño de 2014, acordou fixar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e para cada un dos seus subsectores para o período 2015-2017, de conformidade cos termos previstos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, así como a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española para os efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto, establecendo para as Entidades Locais os seguintes obxectivos:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/02/2016 14:49

Páxina 2 de 13

Expediente 4/143

Código de verificación: 2BEB3-C843B-5CACE-48C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Obxectivos (en porcentaxe do PIB)	2015	2016	2017
Obxectivo de estabilidade orzamentaria: Capacidade (+) Necesidade (-) de Financiación	0,0%	0,0%	0,0%
Obxectivo de débeda pública	3,9%	3,8%	3,6%
Límite incremento gasto computable (regra de gasto)	1,3%	1,5%	1,7%

En definitiva, no que se refire ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, durante o período 2015-2017 as entidades locais non poderán incurrir nunha situación de necesidade de financiamento, polo que a magnitude capacidade/necesidade de financiamento deberá tomar un valor cero ou positivo.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións públicas da Contabilidade nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen no apartado quinto do presente informe.

#### Terceiro.- Ámbito de aplicación subxectivo.

Segundo o SEC95 e o Manual, serán administracións públicas en contabilidade nacional aquelas unidades públicas que teñan como función principal redistribuír renda e riqueza ou ben, que sexan "produtores non de mercado" (isto é, que ofrezan aos cidadáns bens e servizos a título gratuito ou semigratuito).

Segundo o criterio da IGAE, órgano competente na materia, constitúen a Administración Local Concello de Vigo, atendendo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e para os efectos de suxeición ao disposto nas normas da citada Lei, os axentes Entidade Local Concello de Vigo, os Organismos Autónomos Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), Instituto Municipal dos Deportes (IMD), Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) e Parque das Ciencias-Vigo Zoo, así como a Fundación Marco.

#### Cuarto.- Tramitación.

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art. 16 RDLEP), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

O interventor local detallará non seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 ao 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

#### Quinto.- Verificación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Detalle dos cálculos efectuados e axustes practicados en termos de contabilidade nacional.





Segundo o Manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás corporacións locais publicado pola IGAE, o cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense por diferenza entre os importes dos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

**Estados consolidados:**

CAPÍTULO	INGRESOS	IMPORTE
1	Impostos Directos	108.272.414,52
2	Impostos Indirectos	8.290.807,39
3	Taxas e outros Ingresos	42.703.276,67
4	Transferencias Correntes	72.844.981,00
5	Ingresos Patrimoniais	2.220.333,88
<b>A</b>	<b>Total Ingresos Corrientes</b>	<b>234.331.813,46</b>
6	Enaxenación Inversións Reais	2.614.817,24
7	Transferencias de Capital	5.140.275,41
<b>B</b>	<b>Total Ingresos por Operaciones de Capital non Financeiras</b>	<b>7.755.092,65</b>
<b>I = A + B</b>	<b>Total Ingresos por Operaciones non Financeiras</b>	<b>242.086.906,11</b>

CAPÍTULO	GASTOS	IMPORTE
1	Gastos de persoal	64.330.083,72
2	Gastos en bens ctes. e servizos	113.403.105,45
3	Gastos financeiros	121.750,56
4	Transferencias correntes	23.998.400,67
5	Fondo de continxencia	0
<b>C</b>	<b>Total Gastos Correntes</b>	<b>201.853.340,40</b>
6	Inversións Reais	14.907.078,31
7	Transferencias de Capital	221.398,72
<b>D</b>	<b>Total Gastos por Operacións de Capital non Financeiras</b>	<b>15.128.477,03</b>
<b>II = C + D</b>	<b>Total Gastos por Operaciones non Financeiras</b>	<b>216.981.817,43</b>
<b>I - II</b>	<b>Resultado das Operacións non Financeiras</b>	<b>25.105.088,68</b>

**Axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de contabilidade nacional.**

Para a realización dos axustes consideramos o Manual da IGAE.





**Axuste 1: Rexistro en contabilidade nacional dos ingresos fiscais e asimilados (capítulos 1, 2 e 3 do orzamento de ingresos).**

Como consecuencia da aprobación do Regulamento (CE) Nº 2.516/2000, en contabilidade nacional, o criterio para a imputación dos ingresos fiscais e asimilados ou directamente relacionados con eles e con efecto no déficit público, é o de caixa.

Polo tanto, a efectos da elaboración das contas de contabilidade nacional, as rúbricas de impostos rexístranse polo importe total realizado en caixa en cada exercicio, xa sexa de corrente ou de pechados.

Este tratamento aplícase aos ingresos contabilizados nos Capítulos 1, 2 e 3 do orzamento de ingresos da Corporación Local, de modo que se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, incrementando o déficit público da Corporación Local. Se, pola contra, a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferenza de valores, diminuirá o déficit en contabilidade nacional.

Capítulo	Contabilidade orzamentaria				Contabilidade nacional	Axuste	
	Dereitos recoñecidos	Recad. ex. corrente	Recad. ex. pechados	Total Recadación	Importe	Mayor déficit	Menor déficit
1. Imp. Directos	108.272.414,52	95.724.250,18	7.318.176,71	103.042.426,89	103.042.426,89	5.229.987,63	0,00
2. Imp. Indirectos	8.290.807,39	8.203.868,56	97.950,76	8.301.819,32	8.301.819,32	0,00	11.011,93
3. Taxas e outros ingr.	42.703.276,67	37.664.070,77	3.285.866,33	40.949.937,10	40.949.937,10	1.753.339,57	0,00
Total	159.558.351,12	141.592.189,51	10.701.993,80	152.294.183,31	152.294.183,31	6.983.327,2	11.011,93

**Axuste 2: Tratamento das entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento.**

En contabilidade nacional, as entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento contabilízanse no exercicio en que se realizan, é dicir, cando se satisfán polo Estado a favor da Corporación Local, e as liquidacións definitivas deben imputarse ao exercicio en que se determina a súa contía e páganse polo Estado.

Por tanto, outro axuste que debe realizarse constitúeo o importe que debe reintegrarse ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios anteriores polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingreso por este concepto. Axuste que deberá realizarse no caso de orzar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, considerando que o Estado realiza un axuste negativo.

Devolución liquidación PIE 2008 en 2015 (+)	543.137,28
Devolución liquidación PIE 2009 en 2015 (+)	2.110.929,24





CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

Devolución liquidación PIE 2013 en 2015 (+)	1.558.337,26
Entrega a conta mes 12/2014 ingresada en 01/2015 (-)	-5.927.621,01
Entrega a conta mes 12/2015 ingresada en 01/2016 (+)	6.350.690,96
Total	4.635.473,73

Polo tanto, haberá que practicar un axuste positivo (menor déficit) por importe de 4.635.473,73 euros.

### Axuste 3: Intereses derivados do endebedamento (capítulo 3 do orzamento de gastos).

As corporacións locais imputan ao orzamento os intereses explícitos e implícitos de débedas no momento do recoñecemento da obriga, isto é, segundo o seu vencemento. En Contabilidade Nacional, pola contra, rexe o principio do dereito a percibir.

A diferenza que xorde ao aplicar o criterio de caixa e dereito a percibir, na liquidación orzamentaria e na Contabilidade Nacional respectivamente, dá lugar á realización do correspondente axuste por intereses.

Así, a fin do exercicio deberán incorporarse os intereses explícitos percibidos no exercicio, tanto vencidos como non vencidos. As retribucións implícitas imputaranse durante o período de vida da débeda de acordo cun plan financeiro e afectarán ao déficit da Corporación Local.

No caso do Concello de Vigo, como todas as operacións de endebedamento que se atopan pendentes de reembolso prevén nos seus respectivos contratos que a 31 de decembro de cada exercicio producirase un debo pola amortización anual do exercicio e os intereses percibidos ata a devandita data, non resulta necesario practicar axuste por intereses dado que non xorden diferenzas ao aplicar o criterio de caixa e o de dereito a percibir.

### Axuste 4: Consolidación de transferencias entre Administracións Públicas (capítulos 4 e 7 do Orzamento de Ingresos).

En contabilidade nacional e de acordo ao principio de xerarquía de fontes, deben respectarse, con carácter xeral, os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia. Por tanto, unha vez fixado o momento en que se rexistra o gasto polo pagador, o perceptor da transferencia debe contabilizala simultaneamente e polo mesmo importe que figure nas contas daquel. Por iso, no caso de que o beneficiario da transferencia rexístrea de forma distinta, realizarase o correspondente axuste desde o punto de vista da contabilidade nacional.

Deste xeito, o importe das transferencias recibidas pola Corporación Local de unidades externas ten que coincidir co importe que figura no Orzamento de Gastos da unidade que dá a transferencia, polo que no caso de que o pagador empregue un criterio contable distinto á Corporación Local, esta deberá realizar o axuste correspondente.

Capítulo	Contabilidade orzamentaria				Contabilidade nacional	Axuste	
	Dereitos recoñecidos	Recad. ex. corrente	Recad. ex. pechados	Total Recadación	Importe	Mayor déficit	Menor déficit
IV	72.844.981,00	72.333.567,51	2.262.772,43	74.596.339,94	74.596.339,94	0,00	1.751.358,94



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/02/2016 14:49 Páxina 6 de 13

Expediente 4/143

Código de verificación: 2BEB3-C843B-5CACE-48C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

VII	5.140.275,41	520.205,24	1.039.821,96	1.560.027,20	1.560.027,20	3.580.248,21	0,00
Total	77.985.256,41	72.853.772,75	3.302.594,39	76.156.367,14	76.156.367,14	<b>3.580.248,21</b>	<b>1.751.358,94</b>

Polo tanto, haberá que practicar un axuste negativo (maior déficit) por importe de 1.828.889,27 euros.

#### **Axuste 5: Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao Orzamento de Gastos.**

A aplicación do principio do debeño para o rexistro das obrigacións implica o cómputo de calquera gasto efectivamente realizado no déficit dunha unidade pública, con independencia do momento en que ten lugar a súa imputación orzamentaria.

Por tanto, se o saldo final da conta 413 é maior (menor) que o inicial, a diferenza dará lugar a un axuste como maior (menor) gasto non financeiro en contabilidade nacional, aumentando (diminuindo) o déficit da Corporación Local.

Saldo conta 413 a 1 de xaneiro	5.802.284,94 €
Saldo conta 413 a 31 de decembro	2.263.941,49 €
<b>MENOR DÉFICIT</b>	<b>3.538.343,45 €</b>

#### **Axuste 6: Axuste por devolucións de ingreso pendentes de aplicar a orzamento.**

De acordo coa vixente Instrución de contabilidade, as operacións de devolución de ingresos aprobadas non se reflicten no Orzamento sempre que non se fan efectivas, razón pola que procede axustar os dereitos recoñecidos polo importe dos acredores por devolución de ingresos.

Segundo os estados contables e a documentación incorporada ao expediente, o importe dos acredores por devolucións de ingresos pendentes de pago a 31 de decembro ascende a 173.786,76 € polo que haberá que practicar un axuste negativo (maior déficit) polo citado importe.

#### **Cálculo da capacidade/necesidade de financiamento:**

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os dereitos recoñecidos nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e as obrigacs recoñecidas nos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, bota capacidade/necesidade de financiamento.

CONCEPTOS	IMPORTES
Dereitos Recoñecidos capítulos I a VII orzamento corrente	242.086.906,11
Obrigas Recoñecidas capítulos I a VII orzamento corrente	216.981.817,43
<b>a) SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO</b>	<b>25.105.088,68</b>
AXUSTES	
Axuste por recadación ingresos Capitulo 1	-5.229.987,63





Axuste por recadación ingresos Capitulo 2	+11.011,93
Axuste por recadación ingresos Capitulo 3	-1.753.339,57
Axuste por Impostos cedidos e Fondo Complementario de Financiamento	+4.635.473,73
Axuste por intereses endebedamento	0,00
Axuste por consolidación de transferencias entre AAPP	-1.828.889,27
Axuste por gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	+3.538.343,45
Axuste por devolucións de ingreso pendentes de aplicar ao orzamento	-173.786,76
Outros	0,00
<b>b) TOTAL AXUSTES</b>	<b>-801.174,12</b>
<b>c) TOTAL CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN (a + b)</b>	<b>24.303.914,56</b>

### Sexto.- Cumprimento da Regra de Gasto.

#### a) Introducción.

O art. 12 da LOEP incorpora a regra de gasto, en virtude da cal a variación do gasto computable das Administracións Públicas non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, cuxo cálculo corresponde ao Ministerio, e que será a referencia para ter en conta polas Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos Orzamentos.

Nas Corporacións Locais enténdese por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (isto é, consolidados e axustados a criterios de Contabilidade Nacional), excluídos os intereses da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.

Para as Corporacións locais (artigo 2.1 da LOEPSF) cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Como vimos, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española para os efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto quedou establecida no 1,3% para o exercicio 2015.

A efectos de dar cumprimento ao disposto no citado precepto, pola Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE) publicouse unha "Guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais", 3ª edición (novembro 2014), segundo a cal a taxa de variación do gasto computable dun exercicio calcúlase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{T.V. Gasto computable (\%)} = ((\text{Gasto computable ano } n / \text{Gasto computable } n-1) - 1) \times 100$$

#### b) Cálculo do gasto computable:







CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

Para as entidades sometidas a Presupuesto limitativo/contabilidade pública, o Gasto computable calcúlase como:

(+)	Empregos (gastos) non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, excluídos os intereses da débeda: Do Capítulo 3 (gastos financeiros) unicamente agregaranse os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os gastos por execución de avais. Subconceitos (301, 311, 321, 331 y 357)
(+/-)	Axustes según o SEC.
(-)	Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras Entidades que integran a Corporación Local.
(-)	A parte de gasto non financeiro do Presupuesto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Públicas.
(=)	Gasto computable exercicio

Sobre o importe resultante aplicarase a taxa de referencia de crecemento do PIB que fixa o Goberno, e que para 2015 é o 1,3%.

Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. A sensu contrario, cando se aproban cambios normativos que supoñan diminucións permanentes da recadación deberían considerarse para minorar o cálculo (art. 12.4 LOEP).

O cálculo do gasto computable do ano n-1 realizarase a partir da liquidación do Orzamento do devandito exercicio.

CONCEPTO	CONCELLO
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos	213.042.394,82
(Intereses débeda)	-121.472,02
<b>Empregos non financeiros excepto intereses débeda</b>	<b>212.920.922,80</b>
AXUSTES según o SEC	
(-) Enaxenación inversións reais	0,00
(+/-) Inversións realizadas por conta doutra Administración Pública	0,00
(+/-) Execución de avais	0,00
(+) Aportacións de capital	0,00
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0,00
(+/-) Gastos do exerc. pendentes de aplicar ao presuposto	-3.538.343,45
(+/-) Gastos pendentes de aplicación conta 555	0,00
(+/-) Pagos a socios privados no marco das Asoc. Público Privadas	0,00
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0,00
(+/-) Arrendamiento financeiro	0,00
(+) Préstamos	0,00





CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

(-) Mecanismo extraordinario de pago a provedores 2012	0,00
Outros	0,00
<b>Total axustes SEC</b>	<b>-3.538.343,45</b>
<b>Total Empleos no financeiros SEC 95 excepto intereses deuda</b>	<b>209.382.579,35</b>
(-) Gastos por transferencias internas	-13.585.832,14
(-) Gasto financiado con fondos finalistas da UE e AAPP	-5.218.789,81
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiación	-534.576,47
<b>Total de Gasto computable del ejercicio</b>	<b>190.043.380,93</b>
(+/-) Incrementos/disminuciones de recaudación por cambios normativos	0,00

CONCEPTO	XMU	IMD	EMAO	VIGO-ZOO
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos	9.312.643,77	7.387.041,27	1.140.353,83	1.366.446,39
(Intereses débeda)	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Empregos non financeiros excepto intereses débeda</b>	<b>9.312.643,77</b>	<b>7.387.041,27</b>	<b>1.140.353,83</b>	<b>1.366.446,39</b>
AXUSTES según el SEC				
(-) Enaxenación inversións reais	-2.614.817,24	0,00	0,00	0,00
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Total axustes SEC</b>	<b>-2.614.817,24</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>Total Empregos non financeiros SEC 95 excepto intereses débeda</b>	<b>6.697.826,53</b>	<b>7.387.041,27</b>	<b>1.140.353,83</b>	<b>1.366.446,39</b>
(-) Gastos por transferencias internas	-1.652.065,99	-29.164,52	0,00	0,00
(-) Gasto financiado con fondos finalistas da UE e AAPP	-53.314,72	0,00	0,00	0,00
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiación	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Total de Gasto computable do exercicio</b>	<b>4.992.445,82</b>	<b>7.357.876,75</b>	<b>1.140.353,83</b>	<b>1.366.446,39</b>
(+/-) Incrementos/diminuciones de recadación por cambios normativos	0,00	0,00	0,00	0,00

### c) Verificación do cumprimento da Regra de Gasto.

La regla de gasto debe cumplirse para o gasto da Corporación Local unha vez consolidadas e eliminadas as transferencias entre as unidades que a integran e que se inclúen no artigo 2.1 c) da Leo Orgánica de Estabilidade Orzamentaria.





Entidade	Gasto máximo admisible Regla de Gasto				Gasto computable liquid. 2015 (5)
	Gasto computable Liquid. 2014 (1)	(2) = (1)*(1+TRCPIB)	(+/-) Recaudación por cambios normativos 2014 (3)	Límite Regla de Gasto (4)=(2)+(3)	
Concello de Vigo	192.769.432,82	195.275.435,45	0,00	195.275.435,45	190.043.380,93
Vigozoo	1.366.038,97	1.383.797,48	0,00	1.383.797,48	1.366.446,39
EMAO	1.097.676,41	1.111.946,20	0,00	1.111.946,20	1.140.353,83
IMD	7.589.188,13	7.687.847,58	0,00	7.687.847,58	7.357.876,75
Xerencia Urbanismo	5.101.820,15	5.168.143,81	0,00	5.168.143,81	4.992.445,82
Fundación Marco	899.170,97	910.860,19	0,00	910.860,19	879.497,80
Total Gasto computable ejercicio	208.823.327,45	211.538.030,71	0,00	211.538.030,71	205.780.001,52

TRCPIB (2015) = 1,3%	
Diferencia entre el límite de la Regla de Gasto y el Gasto computable liquidación 2015 (5)-(4)	-5.758.029,19
<b>% Incremento gasto computable en 2015 sobre 2014 (6)=[(5)-(1)]/(1)</b>	<b>-1,46%</b>

Polo anteriormente exposto, infórmase positivamente o cumprimento do obxectivo de Regra de Gasto xa que o gasto computable do exercicio 2015 redúxose con respecto ao do exercicio 2014 nun 1,46% fronte o límite admitido dun incremento do +1,3%.

#### Sétimo.- Sustentabilidade financeira.

##### a) Cumprimento do límite de débeda.

A LOEPSF (art. 13) establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que foi fixado no 3,9% do PIB para o exercicio 2015.

Dado que para a administración local non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013:

*“Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.*

*A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese*





CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

*importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado.”*

Non obstante o límite de débeda determinarase nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do Estado español, e neste computaríanse só os avais executados.

O volume de débeda viva a 31.12.2015, considerando que está totalmente disposto o importe formalizado dos préstamos, en termos de porcentaxe sobre os ingresos correntes, deducidos os ingresos afectados e os que teñan carácter extraordinario, bota o seguinte dato:

<b>Coeficiente de endebedamento</b>	<b>Importe</b>
Capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto prazo (1)	0,00
Capital vivo das operacións de crédito vixentes a longo prazo (2)	9.931.101,29
Risco deducido de avais (3)	0,00
Importe da operación proxectada (4)	0,00
Volume total do capital vivo (5)=(1)+(2)+(3)+(4)	9.931.101,29
Ingresos correntes axustados (6)	233.663.183,11
Coeficiente de endebedamento (7)=((5)/(6))*100	<b>4,25 %</b>

Polo que se informa que o nivel de débeda así calculado estaría por baixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e por baixo do 75 % límite que establece a Disposición adicional 74ª da LPGE para 2014, polo que non resultaría preceptiva a autorización do órgano de tutela financeira para concertar novas operacións de préstamo, de considerar esta opción.

#### **b) Débeda comercial. Período medio de pago.**

A modificación da LOEPSF pola Lei orgánica 9/2013 supón a introdución dunha nova regra fiscal de obrigado cumprimento para as administracións públicas por aplicación do principio de sustentabilidade financeira que se reformula incluíndo neste, ademais da débeda financeira, a débeda comercial cuxo pago se ha de verificar a través do indicador Período Medio de Pago (PMP).

Este novo parámetro constitúe un indicador económico cuxo cálculo foi desenvolvido polo Real decreto 635/2014, do 25 de xullo. O período medio de pago definido neste real decreto mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Esta medición con criterios estritamente económicos pode tomar valor negativo se a Administración paga antes de que transcorresen trinta días naturais desde a presentación das facturas ou certificacións de obra, segundo corresponda.





Deste xeito, o PMP do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos durante o exercicio 2015, calculado segundo a metodoloxía do citado Real Decreto, é o seguinte:

Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Set.	Outubro	Nov.	Dec.
Ent. Local	-1,13	-6,60	-7,46	10,91	12,36	-7,49	-9,57	-6,45	-8,50	-11,23	-6,27	16,83
EMAO	-4,93	-11,35	17,32	15,53	21,08	21,53	-9,45	24,09	19,19	-9,60	16,43	17,49
XMU	-7,44	-12,13	11,80	15,49	11,37	14,02	19,10	13,08	13,73	-3,14	12,61	16,85
IMD	-7,16	-10,62	24,98	-4,00	16,22	-8,18	12,49	-4,84	-8,00	-16,39	13,27	18,82
VIGOZO	-6,66	-16,16	15,31	11,20	16,17	12,94	19,99	11,71	15,56	-17,53	12,00	15,10
PMP global	-1,34	-6,64	-7,92	10,69	12,39	-7,38	-9,37	-5,57	-7,45	-10,39	-6,57	16,75

Pode observarse como tanto o PMP da entidade local, como o de todos os organismos autónomos locais foi negativo durante todo o exercicio 2015.

#### Conclusións sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e o nivel de débeda.

Avaliada a documentación e os estados contables incorporados ao expediente núm. 4/143 relativo á liquidación orzamentaria do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos correspondente ao exercicio 2015, resulta que a mesma:

- ✓ Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, arroxando una capacidade de financiamento de 24.303.914,56 €.
- ✓ Cumpre co obxectivo da Regra de Gasto xa que o gasto computable do exercicio 2015 redúxose con respecto ao do exercicio 2014 nun 1,46% (-5.758.026,19 €).
- ✓ Cumpre co límite de débeda, arroxando un volume de débeda viva que ascende a 9.931.101,29 €, que supón o 4,25 % dos ingresos corrientes de carácter ordinario.
- ✓ O seu periodo medio de pagamento é inferior ao prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pago a provedores, tomando incluso valor negativo durante todo o exercicio 2015, o que significa que o Concello de Vigo paga antes de que transcorresen trinta días naturais desde a presentación das facturas ou certificacións de obra, segundo corresponda.

En Vigo na data consignada ao marxe  
O Interventor Xeral,  
Asdo. Alberto Escariz Couso  
*documento asinado electrónicamente*

